

## ACTIVIDADE

# BINGO DA PAZ

**Para construír a paz temos que centrarnos nas cousas que nos unen, non nas que nos diferencian. Que temos en común cos que nos rodean? Teremos tamén algo en común cos que viven en lugares afastados? Fagamos bingo!**

### Obxectivos

- Celebrar o Día da Paz (30 de xaneiro).
- Estimular a reflexión sobre os elementos que nos permiten construír a paz de xeito proactivo.
- Fomentar unha visión da paz cotiá ligada á nosa responsabilidade persoal.

### Materiais necesarios

- Anexo 1: Tarxetas de bingo.
- Lapis, bolígrafos ou rotuladores.



Facede fotos da actividade ou grave un vídeo para elaborar unha noticia para o blog ou o xornal do centro educativo ou para redes sociais.



30 DE XANEIRO

Día da Paz

### Bingo!

Explicamos aos nosos alumnos e alumnas que imos celebrar o día da paz e que por iso imos xogar a un bingo un pouco especial. O obxectivo é que cada un de nós poida completar a súa tarxeta de bingo, encontrando que ten en común con outros nenos e nenas da clase.

- Previamente á actividade imprime as tarxetas de bingo, unha por participante. Hai unha versión da tarxeta en branco, por se prefires incluír elementos máis próximos ás necesidades, intereses e Obxectivos da aula.
- Reparte as copias da tarxeta de bingo. Explica que inclúen características ou descrições como "gústame montar en bici" e que deben encontrar alguén da clase que poida asinar esa casa, porque esa descrição o define. Unha mesma persoa non pode asinar máis dunha vez a mesma tarxeta, aínda que coincida con varias das descrições. Cando alguén teña a súa tarxeta chea de firmas, séntase na súa mesa, aínda que pode seguir asinando as tarxetas doutros.
- As tarxetas inclúen unha casa en branco, para que cada participante inclúa unha descrição persoal que outros poidan asinar.

O xogo remata cando todos temos as nosas tarxetas asinadas. Podemos colocalas nun lugar visible da clase para que todos poidamos ver que temos en común cos demais e reflexionar sobre o xogo:

- Resultou doado encher a nosa ficha?
- Sorprendeunos algunha das firmas? Que cousas non sabiamos dos nosos compañeiros de clase?
- Canta xente se parece en cousas que non imaxinabamos?
- Tes algo en común con cada persoa da clase?
- Por que é importante encontrar puntos de encontro con outras persoas?



## BINGO! Busca alguén que...

Sabe nadar	Gústalle as patacas fritas	Come verduras	Fai deporte	Ten un can
Estivo noutro país	Ten unha irmá	Non ten irmáns nin irmás	Alguén da súa familia vive noutro país	Gústalle o chocolate
Sabe asubiar	Ten unha mascota que non é un can nin un gato	Sabe montar en bici	Cumpre anos o mesmo mes ca ti	Gústalle as flores
Gústalle pintar	Gústalle ir de excursión	Corre rápido	Gústalle o xeado	Fala outro idioma
Gústalle as matemáticas	Ten a mesma cor favorita ca ti	Ten a mesma cor de ollos ca ti	Ten un irmán	



**BINGO!** Busca alguien que...
